



Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

do 23 de febreiro de 2017

Anexos:

- I. Convocatoria do CIGC do 23/02/2017.
- II. Asistentes á CGIC do 23/02/2017.
- III. Solicitud de modificación do Mestrado en Xeoinformática.
 - Declaración de interese.
 - Acta da Comisión Académica do Mestrado.
- IV. Informes de seguimento dos títulos impartidos na EME
 - Autoinforme do Grao en Enxeñaría da Enerxía.
 - Autoinforme do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
 - Autoinforme do Mestrado en Xeoinformática.
 - Autoinforme do Mestrado en Enxeñaría de Minas.
- V. Incidencias relacionadas coa Planificación e Desenvolvemento das Ensinanzas.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 16 de decembro de 2016.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria celebrada o 16 de decembro de 2016.

A acta será publicada definitivamente na sección de **DESCARGAS/DOCUMENTOS SGIC/ACTAS** de acceso libre da web do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/descargas-de-documentos/descargas-documentos-sgic/actas/>

2. Informe da Presidenta.

- A Coordinadora de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía asistiu o día dezaseis de febreiro a unha reunión da Comisión Académica de Calidade convocada pola súa presidenta, a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado Da. Ana María Graña Rodríguez. Nesta reunión informouse do estado da I convocatoria quinquenal da Universidade de Vigo para a avaliación da actividade docente do profesorado por medio do programa Docentia. O resumo da situación é a seguinte:
 - A convocatoria abriuse para un total de 250 profesores e presentáronse 242. Todos foron admitidos.
 - Finalizou a primeira fase, consistente en “Informes institucionais dos últimos cinco cursos académicos”, cunha puntuación do 60% sobre o total.
 - Abriuse unha convocatoria para seleccionar as comisións avaliadoras. Terminado o período de solicitudes, non se presentaron un número suficiente de candidatos polo cal non procede realizar unha selección. Acórdase admitir todas as solicitudes e pedir á ACSUG que se completen as comisións avaliadoras con profesorado non pertencente ao Sistema Universitario Galego, tal como se indicaba nas bases da convocatoria.

3. Aprobación, se procede, da declaración de interese para solicitar a modificación do Máster en Xeoinformática.

A comisión académica do Mestrado Universitario en Xeoinformática, na súa reunión celebrada o dez de febreiro, acordou solicitar unha modificación do título que atinxe á inclusión da Escola de Informática da Universidade de Santiago de Compostela (Anexo III).

A Comisión aproba por asentimento a declaración de interese para solicitar a modificación do Máster en Xeoinformática.

4. Aprobación, se procede, dos informes de seguimento dos títulos impartidos nesta Escola.

Neste curso 2016-17, a elaboración dos informes de seguimentos dos títulos realizouse mediante a plataforma Avalía da ACSUG. Os informes constan de catro apartados:

1. Datos do título.
2. Evidencias.

3. Modificacións do plan de estudos.

4. Plan de Melloras.

A presidenta presenta os informes dos catro títulos impartidos na EME (Anexo IV). Estes informes foron previamente enviados á Área de Calidade da Universidade de Vigo para a súa revisión e todas as suxestións foron posteriormente incorporadas.

D. Marcos González Bello menciona unha das propostas de mellora incluída nos autoinformes dos grados, a referida ao reducido número de TFGs defendidos. Apunta que isto pódese deber a que tanto os directores como os alumnos dedican unha carga de traballo excesiva e suxire que se lle recorde aos directores de TFGs este punto.

O prazo de entrega dos informes de seguimento na ACSUG remata o 31 de marzo. Ata esa data a Área de Calidade da Universidade poder facer suxestións de mellora adicionais, polo que a presidenta solicita que calquera modificación puntual futura poda ser aprobada pola CGIC e as respectivas Comisións dos Mestrados sen pasar por Xunta de Escola do centro.

A Comisión aproba por asentimento os informes de seguimento dos títulos impartidos nesta Escola

5. Aprobación, se procede de incidencias relacionadas co procedemento DO0201: Planificación e Desenvolvemento das Ensinanzas.

Enviouse con antelación á celebración desta CGIC o listado de incidencias (Anexo V).

De acordo co procedemento, rematado o primeiro cuatrimestre e antes de comezar o segundo lévase a cabo un control de rexistro de docencia na EME. No caso de discrepancias deficitarias entre impartición de horas de máis dun 10%, envíase un comunicado ao profesorado para que faga as alegacións que considere oportunas.

A Comisión aproba por asentimento o envío dos escritos ao profesorado implicado no listado de incidencias, tal como se especifica no mencionado procedemento.

6. Rogos e Preguntas.

D. Marcos González Bello intervéñ para comentar o seu descontento co sistema de préstamo de portátiles. Os ordenadores están configurados de maneira que non permiten instalar novo software, non se pode actualizar Windows, Office no ten a clave da Universidade... Debátese sobre a posibilidade de que nun futuro o profesorado envíe o software que necesita e que os ordenadores estean actualizados e o software poda ser instalado con antelación.



Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 30 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Presidenta

Natalia Caparrini Marín

A Secretaria

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 23/02/2017

Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 23 de febreiro de 2017 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 16 de decembro de 2016.
2. Informe da Presidenta.
3. Aprobación, se procede, da declaración de interese para solicitar a modificación do Máster en Xeoinformática.
4. Aprobación, se procede, dos informes de seguimento dos títulos impartidos nesta Escola.
5. Aprobación, se procede de incidencias relacionadas co procedemento DO0201: Planificación e Desenvolvemento das Ensinanzas.
6. Rogos e Preguntas.



ANEXO II

Asistentes á CGIC do do 23/02/2017.



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade	
do 23 de febreiro de 2017	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados
M ^a Carmen Romo Pérez	Administrador/a do centro
Marcos González Bello	Representante do Alumnado de Máster
Natalia Caparrini Marín	Presidenta
Escusan a súa asistencia	
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Diego López González	Representante da Sociedade
Elena Alonso Prieto	Calidade Máster EM
Higinio González Jorge	Calidade Máster XI
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Raquel Gandón Chapela	Representante da UTC
Teresa Rivas Brea	Igualdade



ANEXO III

Solicitud de modificación do Mestrado en Xeoinformática.

- Declaración de interese.
- Acta da Comisión Académica do Mestrado.



ANEXO IV

Informes de seguimento dos títulos impartidos na EME

- Autoinforme do Grao en Enxeñaría da Enerxía.
- Autoinforme do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
- Autoinforme do Mestrado en Xeoinformática.
- Autoinforme do Mestrado en Enxeñaría de Minas.



ANEXO V

Incidencias relacionadas coa Planificación e Desenvolvemento das Ensinanzas.